

Exposición no Centro Cultural en Ponteceso:

Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible.

Durante o mes de febreiro. Enderezo: Centro Cultural de Ponteceso, Av. De Bergantiños, s/n. Horario: de luns a venres, de 9 a 13 e de 16 a 20 h.

A catástrofe ambiental do petroleiro Prestige, o 19 de Novembro do 2002 tinxiu de negro 2.900 km de costa de varios países. O seu impacto no medio natural e socioecómico foi evidente, afectando a máis de 250.000 aves e obrigando a cesar na súa actividade pesqueira a máis de 30.000 persoas. Este tráxico suceso conmocionou á sociedade que reaccionou con valores como a solidariedade, a participación e a creatividade. Os voluntarios, os mariñeiros e a plataforma Nunca Máis entre outros, foron os protagonistas que traballaron para restablecer a normalidade. CEIDA e a Fundación Territori e Paisatge queren divulgar nesta exposición todo o que pasou por aquelas datas, axudando a descubrir o que debemos aprender todos para que estes feitos non se volvan a repetir. Tras varios anos desta traxedia, a exposición Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible pretende:



- Dar a coñecer as consecuencias reais da catástrofe ambiental creada polo afundimento do Prestige.
- Dar a coñecer as problemáticas do actual modelo enerxético que domina na nosa sociedade.
- Estimular a reflexión sobre os nosos patróns de consumo enerxético.
- Potenciar á participación social na demanda dun novo modelo enerxético máis sostible ambientalmente

Características da exposición

- 15 [paneis \(2.2 MB\)](#) 100 cm ancho x 200 cm alto con soportes propios
- [Maqueta dun petroleiro](#), con cortes transversais de casco simple dobre (103x103x100 cm). [Información](#) sobre barcos de dobre casco
- [Módulo sobre as aves mariñas](#) afectadas (50x70x35 cm). [Información](#) sobre as principais aves afectadas
- Reprodución a escala dun [barril](#) de petróleo [Información](#) sobre o barril de petróleo
- Audiovisual “A crónica da traxedia” Duración. 9 minutos
- Maleta con 11 [publicacións \(3 MB\)](#)
- [Trípticos](#) da exposición

A raíz desta exposición realizouse unha publicación [impresa](#) e unha [dixital](#).

Ponteceso a 31 de decembro de 2012.